



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONCELLO DAS SOMOZAS

Protocolo 1 /2019

PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS SOMOZAS PARA ARTICULAR O POSIBLE COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CÍVICO-SOCIOCULTURAL PARA DESTINARSE A CENTRO DE REUNIÓN E ATENCIÓN AOS MAIORES.

Na Coruña a 8 de febreiro de 2019, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso

E doutra parte D. Juan Alonso Tembrás, Alcalde Presidente do Concello das Somozas

Os comparecentes interveñen en uso das súas facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

O Concello das Somozas fixo un estudio dos sectores da poboación que maioritariamente son atendidos nos Servizos Sociais do Concello e das súas demandas. Observándose que o sector de poboación que require más atención e o das persoas maiores, xa que o seu número é moi alto.

Pese aos grandes esforzos que fai o concello para satisfacer as necesidades mais imperantes e urxentes, o concello non conta coa financiación necesaria para atender todas as demandas

A Construcción cívico-sociocultural estaría dirixido ás persoas maiores do concello das Somozas e municipios vecinos, estimando como posibles usuarios preto de 750 veciños e incluindo os municipios limítrofes, pódese estimar un área de influencia de aproximadamente 2500 persoas maiores.

O Centro tería como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas maiores, a través da promoción de actividades socio-culturais, ocupacionais, artísticas e recreativas para previr situación de deterioro físico o cognitivo que van unidas ao proceso de envellecemento.... e todas aquelas que fomenten as relations interpersonais e de convivencia e potencien a participación e a integración dos maiores na vida da comunidade.

Por iso a Deputación provincial da Coruña e o Concello das Somozas

A C O R D A N

Formalizar o presente **PROTOCOLO DE INTENCIÓNS** conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

1- O presente protocolo ten por obxecto establecer as bases dunha futura cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello das Somozas con CIF P1508200A, para o cofinanciamento da execución das obras correspondentes á construción dun centro cívico-sociocultural para destinarse a centro de reunión e atención aos maiores, con suxección ao proxecto técnico redactado polo concello, unha vez aprobado polo órgano competente e previa obtención das licenzas e autorizacións preceptivas. Todo iso con carácter previo á formalización do convenio cooperación.

SEGUNDA.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata das obras, , ascende a 690.576,65 €, segundo o proxecto redactado polo concello.

TERCEIRA.- COMPROMISO DE COLABORACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO PROVINCIAL DAS OBRAS



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONCELLO DAS SOMOZAS

A Deputación da Coruña e o Concello das Somozas impulsarán a formalización dos instrumentos de colaboración interadministrativa que sexan precisos para que a Deputación da Coruña participe no cofinanciamento do orzamento da adxudicación das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do **28,961303 %** respecto ao orzamento de execución de contrata.

Os convenios recollerán, logo da tramitación que legalmente corresponda e tras a conformidade dos servizos provinciais e municipais que procedan, as seguintes

BASES

- A. O citado importe pagarase con cargo á anualidade de 2019, quedando o compromiso de gasto condicionado a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
- B. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II deste protocolo, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,961303 % da cantidad efectivamente xustificada.
- C. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
- D. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria que se consigne no orzamento.
- E. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.
- F. Na condición de promotor, corresponderalle ao concello das Somozas o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.
Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".
No caso de que a entidade beneficiaria trame e aprobe alguma modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.
- G. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello das Somozas estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible cando menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
- H. Coa posibilidade prevista nas Bases de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONCELLO DAS SOMOZAS

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dillixenciada pola dirección da obra.

Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dillixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditação do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta (mediante a presentación de fotografías dillixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboadado co primeiro pago prepagable

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboadado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

- I. As obras que sexan obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I deste protocolo, deberán estar rematadas cando menos dous meses antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONCELLO DAS SOMOZAS

se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

- J. O Concello das Somozas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura do respectivo convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta
- K. O Concello das Somozas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.
- L. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escoillida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo
- M. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no convenio de cooperación que se asine poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
- Se o retraso se produce no pago ao adjudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

CUARTA.- DESENVOLVENTO DO PROTOCOLO

Para facer efectivos os compromisos asumidos neste documento, as partes tramitarán e acordarán os convenios que sexan más adecuados conforme á natureza de cada materia acordada.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

CONCELLO DAS SOMOZAS

Os convenios que desenvolvan os compromisos asumidos polas partes neste protocolo poderán estender a súa vixencia a efectos do seu cumprimento.

QUINTA.-SEGUIMENTO E MODIFICACIÓN

Calquera das partes pode convocar ás outras para resolver dúbidas, conflitos ou facer interpretacións das cláusulas deste protocolo. A reunión convocarase cunha antelación mínima de quince días e os asinantes poderán delegar a súa representación.

En caso de que acorden unha modificación do seu contido, formularán unha addenda que, aprobada polas partes coas mesmas formalidades que este protocolo, pasará a formar parte do mesmo.

SEXTA.-VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente Protocolo estará **condicionado a que se aprobe e formalice o correspondente convenio**, onde se regularán pormenorizadamente os dereitos e obrigacións das partes (contía e forma da achega provincial; existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente; documentación xustificativa a presentar polo Concello para a formalización do convenio; informe sobre viabilidade económico-financeira do servizo ao que irá destinado o inmoble, as condicións de sustentabilidade do mesmo e os trámites de autorización da Xunta de acordo con o disposto no artigo 7 da LRBRL e Lei de medidas urxentes de Galicia de adaptación á LRSAL; cumprimento de obligacións tributarias e seguridade social; declaración doutras subvencións; documentación para proceder ao pago da achega, prazos de xustificación e no seu caso prórrogas; destino dos fondos e afectación á finalidade; control financeiro; infraccións, sancións e reintegros; vixencia,).

En todo caso o prazo máximo de vixencia do presente Protocolo será **dun ano**, a contar desde a súa firma.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo ,ambas as partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización, se non se producise a aprobación e formalización do convenio de cooperación ou calquera dos compromisos de achega que se recollen no presente documento.

Así o din e asinan, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data antes indicados

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

D. Valentín González Formoso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS SOMOZAS

D. Juan Alonso Tembrás

